RESOLUCIÓN POLA QUE SE FORMULA A DECLARACIÓN AMBIENTAL ESTRATÉXICA DO PLAN ESPECIAL DE PROTECCIÓN, INFRAESTRUTURAS E DOTACIÓNS EN RAZO-ARNADOS, NO CONCELLO DE CARBALLO

Promotor e órgano substantivo: Concello de Carballo
Expediente: 2018AAE2159

O Servizo de Avaliación Ambiental de Plans e Programas, da Subdirección Xeral de Avaliación Ambiental, formulou a seguinte proposta:

ANTECEDENTES

1. O concello de Carballo dispón dun Plan xeral de ordenación municipal (PXOM) aprobado definitivamente o 04.02.2016, o cal foi obxecto de avaliación ambiental estratéxica. A ordenación do PXOM contempla o desenvolvemento do plan especial PE-2 "Razos-Arnados".
2. O día 6.2.2018 recibiuse na Dirección Xeral de Calidade Ambiental e Cambio Climático un escrito do Concello de Carballo no que solicitaba iniciar a avaliación ambiental estratéxica ordinaria do "Plan especial de protección, infraestruturas e dotacións en Razo-Arnados" (en diante PEPID).
3. O 21.6.2018 este órgano ambiental, logo de consultar ás administracións públicas afectadas e ás persoas interesadas, emitiu o documento de alcance do estudo ambiental estratéxico.
4. O 21.12.2020 o Concello de Carballo aprobou inicialmente o plan especial. A continuación abríu un período de información pública polo prazo de dous meses. Ao mesmo tempo realizou as consultas ás administracións afectadas e ás persoas interesadas. Durante este proceso de consultas, esta dirección xeral emitiu un informe no que establecía unha serie de consideracións a ter en conta para favorecer a integración ambiental do plan.
5. O 19.05.2022 recibiuse nesta dirección xeral o expediente de avaliación ambiental estratéxica remitido polo Concello de Carballo para que se formule a declaración ambiental estratéxica.
6. O 25.5.2022 este órgano ambiental solicitou informe á dirección xeral competente en materia de patrimonio natural, ao abeiro do artigo 24.5 da Lei 21/2013, do 9 de decembro, de avaliación ambiental, co cal o prazo para formular a declaración ambiental estratéxica quedou suspendido. O informe recibiuse o 22.06.2022.

CONSIDERACIÓNS LEGAIS

1. A Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia (LSG) e o seu Regulamento, aprobado mediante Decreto 143/2016, do 22 de setembro (RLSG) integran no procedemento de aprobación dos instrumentos de planeamento urbanístico o proceso de avaliación ambiental estratéxica previsto na Lei 21/2013, do 9 de decembro, de avaliación ambiental.

CVE: 200qnQqSmgn0
Verificación: https://sede.xunta.gal/cve
Asinado dixitalmente por: Miguel Piñeiro Souto - 34898275F
Motivo: Plan especial de protección, infraestruturas e dotacións en Arnados-Razo - "PE2 Razo-Arnados" do PXOM de Carballo (exp. 217/X999/001277). Documento de aprobación definitiva. Pleno municipal, sesión 11/2023 ordinaria de 31/07/2023 (punto 6 da acta de sesión). Concello de Carballo (A Coruña). O Secretario municipal.

2. O artigo 46.1.d) da LSG establece que os plans comprendidos no punto 2 do mesmo artigo serán obxecto de avaliación ambiental estratéxica ordinaria cando así o solicite o promotor.
3. O órgano ambiental, tras realizar a análise técnica do expediente de avaliación ambiental estratéxica presentado polo promotor, formulará a declaración ambiental estratéxica (artigo 60.11 da LSG). Esta declaración ten natureza de informe preceptivo e determinante, e establecerá as medidas ou condicións finais que deberán incorporarse ao plan que finalmente se aprobe (artigo 25.2 da Lei 21/2013 do 9 de decembro).

A Dirección Xeral de Calidade Ambiental, Sostibilidade e Cambio Climático ten atribuídas as funcións en materia de avaliación dos efectos de determinados plans e programas no ambiente, ao abeiro do Decreto 42/2019, do 28 de marzo, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda.

CONSIDERACIÓNS TÉCNICAS

1. Ámbito de actuación do plan e principais características ambientais

O ámbito do PEPID sitúase no noroeste do municipio de Carballo, na contorna da praia de Razo (parroquia de San Martiño de Razo). O principal acceso é a estrada provincial DP-1902, que o comunica coa vila de Carballo.

O ámbito delimitado no PXOM (PE-2 Razo-Arnados) abrangue terreos rústicos con diferentes categorías de protección (de costas, espazos naturais, paisaxística, de augas e agropecuaria), lindeiros cos núcleos rurais de Razo da Costa e Arnados. Tras incorporar pequenos axustes cartográficos durante a tramitación do PEPID, a superficie total do ámbito é de 312.248 m².

Comprende dúas bolsas de terreo situadas a ambos lados do núcleo de Arnados, así como a franxa litoral da fronte deste asentamento. Incorpora -na súa metade oeste- parte dos terreos definidos no *Plan de ordenación do litoral* (POL) como área de recualificación dentro da unidade paisaxística de Razo.

A orografía da contorna ven determinada pola fronte costeira da praia. A altitude dos terreos do ámbito varía entre os 3 metros e os 80 metros nas proximidades do núcleo de Razo da Costa, no extremo occidental. Predominan as pendentes suaves e zonas chairas, se ben cara os extremos increméntanse, superando o 20-30%.

O ámbito é atravesado por varias canles de auga. Pola zona occidental discorre o rego de Porriños, que se atopa canalizado ao seu paso polo núcleo de Razo da Costa e despois vai entubado ata desembocar na praia a través dun pedraplén artificial. Os regos de Oza e Pardiñas atravesan a zona leste antes de desembocar na praia de Razo, onde foron canalizados con estruturas de madeira. Asociado ao rego de Oza o órganismo de bacía identificou unha área con risco potencial significativo de inundación (ARPSI)[1].

En canto aos valores naturais, no ámbito destaca a riqueza de hábitats naturais e especies protexidas do espazo costeiro e contorna da praia de Razo, o que levou a incluír parte del na Rede Natura 2000: ZEC "Costa da Morte" e ZEPA "Costa da Morte (Norte)"[2].

1 Identificada como ES01-ZFP-CO-10-03-05 nos Mapas de risco e perigosidade publicados por Augas de Galicia.

CVE: 200qnQqSmgn0
Verificación: https://sede.xunta.gal/cve

Entre as especies de fauna ameazada presentes destacan a escribenta das canaveiras (*Emberiza schoeniclus* subsp. *lusitanica*) e a píllara das dunas (*Charadrius alexandrinus*). Trátase de dúas especies de aves ameazadas que contan respectivamente cun plan de recuperación[3] e conservación[4] aprobados. A escribenta das canaveiras está ligada a zonas húmidas con vexetación de alto porte e a píllara das dunas aos areais costeiros.

Respecto á vexetación costeira, destaca a presenza dun importante núcleo de poboación de *Omphalodes litroralis* subsp. *gallaecica*, planta endémica da provincia da Coruña en perigo de extinción. Segundo a cartografía de unidades ambientais do *Plan director da Rede Natura 2000 de Galicia,* no ámbito atópanse tamén diferentes hábitats de interese comunitario, entre eles dous de carácter prioritario: dunas costeiras fixas con vexetación herbácea "dunas grises" (2130*) e dunas fixas descalcificadas atlánticas (2150*).

No ámbito converxen dúas paisaxes: unha ligada aos usos agrarios e aos núcleos tradicionais e outra vinculada ao turismo estival e de segunda residencia preto da costa, con presenza de diferentes edificacións e servizos vinculados a estes usos.

Algunhas das principais presións que afectan á conservación dos valores naturais e paisaxísticos do ámbito son a alteración topográfica dos terreos debido a un proceso de reparcelación realizado na zona oeste, o elevado tráfico rodado na fronte litoral, a degradación do sistema dunar polo acceso libre no sector oriental, a presenza de construcións dispersas e a expansión de especies exóticas invasoras.

2. Obxecto do plan, documento inicial estratéxico e borrador

O PEPID ten por obxecto ordenar de forma integral as áreas susceptibles de acoller dotacións, mellorar os accesos á praia e os aparcadoiros e favorecer a rexeneración ambiental das áreas degradadas, para contribuír á preservación dos valores ambientais e paisaxísticos deste espazo costeiro.

No documento inicial estratéxico a formulación de alternativas estaba limitada polas determinacións recollidas no PXOM respecto ao ámbito, así como polas establecidas no POL para a área de recualificación identificada. Tendo en conta isto, formuláronse dúas alternativas que só variaban en aspectos moi concretos da ordenación -previsións de aparcadoiro, localización dos equipamentos ou alcance das zonas a rexenerar-.

A alternativa seleccionada e desenvolvida no borrador (alternativa 2) xustificouse en que favorece a eliminación de edificacións na liña da costa, propón recuperar o rego de Porriños e descarta realizar un novo aparcamento na zona leste. O documento inicial estratéxico recoñecía que as principais actuacións previstas (eliminación do tráfico rodado da fronte litoral, relocalización dos aparcamentos vinculados á praia, recuperación do rego Porriños, ordenación dos equipamentos, recuperación de espazos degradados e eliminación de especies exóticas invasoras) incidirían positivamente no estado ambiental desta zona do litoral.

2 Decreto 37/2014, do 27 de marzo, polo que se declaran zonas especiais de conservación os lugares de importancia comunitaria de Galicia e se aproba o Plan director da Rede Natura 2000 de Galicia.

3 Decreto 75/2013, do 10 de maio, polo que se aproba o do Plan de recuperación da subespecie lusitánica da escribenta das canaveiras (*Emberiza schoeniclus lusitanica*) en Galicia.

4 Decreto 9/2014, do 23 de xaneiro, polo que se aproba o Plan de conservación da píllara das dunas (*Charadrius alexandrinus*) en Galicia.

CVE: 200qnQqSmgn0
Verificación: https://sede.xunta.gal/cve

3. Documento de alcance e estudo ambiental estratéxico

No documento de alcance, emitido por este órgano ambiental e dirixido ao promotor, determinouse a amplitude, nivel de detalle e grao de especificación que debía ter o estudo ambiental estratéxico, ao tempo que recollía unha serie de consideracións para favorecer a integración dos aspectos ambientais no contido do plan.

Así, como aspectos relevantes a integrar na proposta este órgano ambiental sinalou no documento de alcance a necesidade de minimizar a ocupación do solo, adoptar os obxectivos, directrices e normas do Plan director da Rede Natura 2000 – en particular evitar a posible incidencia de sendas e instalacións sobre hábitats e especies protexidas-, recuperar a conectividade do rego Pardiñas e a hidromorfoloxía do rego Porriños, garantir o abastecemento e saneamento das augas e evitar posibles riscos por inundacións e procesos erosivos dos cantís.

Tendo en conta o documento de alcance, o promotor elaborou o estudo ambiental estratéxico. O contido do estudo ambiental estratéxico presentado é conforme co requirido no anexo IV da Lei 21/2013, do 9 de decembro, de avaliación ambiental e no documento de alcance emitido por este órgano ambiental. Contén a data da súa conclusión (marzo 2022) e está asinado polo director do equipo redactor[5], especificando tamén a súa titulación, tal e como esixe o artigo 16 da Lei 21/2013.

4. Versión inicial de plan, información pública e consultas

4.1. Versión inicial

De acordo co disposto no artigo 117.1. da Ley 22/1988, de 28 de junio, de Costas, previamente á aprobación inicial do plan solicitouse informe aos órganos competentes en materia de costas da Administración do Estado e da Comunidade Autónoma. Seguindo as determinacións do informe da Subdirección Xeral de Dominio Público Marítimo-Terrestre de data 13.4.2020, excluíuse do ámbito do PEPID a totalidade dos terreos dentro do dominio público marítimo terrestre (6.491 m²).

O PEPID aprobado inicialmente o 21.02.2020 (versión inicial) mantivo en esencia a proposta formulada no borrador. Porén, introducíu algunhas modificacións para reducir a presión por uso público na zona, como incrementar a superficie que se prevé devolver ao seu estado natural no borde costeiro, eliminar o observatorio ornitolóxico, reaxustar a configuración dos acesos, zonas verdes e equipamentos na zona oeste do ámbito ou eliminar as construcións existentes a carón do rego Pardiñas para recuperar a súa conectividade ecolóxica.

4.2 Trámites de información pública e consultas

Tras a aprobación inicial, o Concello someteu o PEPID a información pública durante o prazo de dous meses, mediante anuncios publicados o 30.12.2020 na páxina web municipal, o 14.01.2021 no xornal *La Voz de Galicia* e o 10.02.2021 no *Diario Oficial de Galicia*. Ademais, en febreiro de 2022 celebráronse na Casa do Concello de Carballo dous comisións informativas con asistencia dos grupos municipais.

5 As persoas que conforman o equipo redactor e a súa titulación especifícase no apartado 1.1.2 da Memoria.

CVE: 200qnQqSmgn0
Verificación: https://sede.xunta.gal/cve

A documentación do plan inclúe un informe cos resultados da información pública no que se resumen as conclusións dos informes e alegacións recibidas, xustificando a súa consideración, así como das modificacións realizadas como resultado das comisións informativas.

4.2.1 Resultado da información pública

Durante o período de información pública recibíronse 69 escritos que unha vez analizados se corresponden con 64 alegación debido á duplicidade de escritos e á presentación de escritos complementarios a alegación achegadas. Nesta alegacións solicitouse reaxustar o ámbito, pasar a solo rústico certos terreos, cambiar o trazado do viario que conecta o miradoiro, modificar o ancho das sendas peonís, tratar como equipamento privado a construción destinada a escola de surf, manter usos residenciais en solo rústico e manter a construción de carácter residencial existente no aparcadoiro como un servizo de tempada.

A que ten un carácter máis ambiental solicitaba a protección mediante a cualificación como áreas de rexeneración ambiental e a expropiación da parte dunha finca que ocupa as trasdunas de Baldaio situada no extremo leste e que presenta hábitats de alto valor natural e especies ameazadas. Considera que a responsabilidade de protección ambiental desta zona debe ser pública e que as medidas de restauración da vexetación e loita contra a flora exótica invasora resultarán ineficaces aplicados na pequena parte de terreo público existente.

Segundo o indicado na documentación, tras ser tratadas nas comisións informativas organizadas polo Concello, boa parte das alegacións foron desestimadas por resultar incompatibles cos obxectivos do plan especial ou coa normativa urbanística e sectorial.

4.2.2 Resultado da consulta ás administracións públicas afectadas

Segundo consta no expediente achegado polo promotor, na seguinte táboa recóllense as consultas ás administracións públicas e organismos realizadas, indicado a data e sentido do último informe recibido:

	Resposta	Pronunciamento
Administración estatal		
Dirección provincial da Tesourería Xeral da Seguridade Social	25.01.21	Informativo
Área de Fomento da Subdelegación do Gobierno na Coruña	15.03.21	Informativo
Área de Industria e Enerxía da Subdelegación do Gobierno na Coruña	30.03.21	Observacións
Subdirección Xeral de Planificación, rede Transeuropea e Loxística	09.02.21	Informativo
Dirección Xeral de Telecomunicacións e Tecnoloxías da Información	15.03.21	Favorable
Subdirección Xeral de Patrimonio do Ministerio de Defensa	15.03.21	Favorable
Administración autonómica		
Servizo de Avaliación Ambiental de Plans e Programas da Dirección Xeral de Calidade Ambiental e Cambio Climático	05.02.21	Observacións

CVE: 200qnQqSmgn0
Verificación: https://sede.xunta.gal/cve

	Resposta	Pronunciamento
Servizo de Prevención e Control Integrados da Contaminación da Dirección Xeral de Calidade Ambiental e Cambio Climático	08.02.21	Informativo
Instituto de Estudos do Territorio	05.05.21	Favorable con observacións
Dirección Xeral de Patrimonio Natural	-	-
Dirección Xeral de Ordenación do territorio e Urbanismo (en relación coa compatibilidade co POL)	01.10.21	Favorable
Dirección Xeral de Ordenación do territorio e Urbanismo En materia de costas	15.01.21	Favorable
Augas de Galicia	02.04.21	Favorable con observacións
Dirección Xeral de Planificación e Ordenación Forestal	05.03.21	Favorable
Dirección Xeral de Mobilidade	11.03.21	Observacións
Dirección Xeral de Patrimonio Cultural	30.03.21	Favorable
Axencia Galega de Infraestruturas	29.01.21	Informativo
Dirección Xeral de Emerxencias e Interior	22.08.2018	Sen observacións
Administración local		
Deputación provincial da Coruña	07.05.21	Favorable
Público interesado		
ADEGA	-	-
Sociedade Galega de Historia Natural	-	-

Os informes recibidos das distintas administracións amosaron en xeral a súa conformidade coa proposta tras a integración dos cambios solicitados ou non formularon obxeccións, quedando nalgúns casos condicionado o pronunciamento favoreable á integración de observacións de carácter documental ou normativo.

Entre as principais consideracións de carácter ambiental recollidas nos informes cómpre destacar as seguintes:

Área de Industria e Enerxía da Subdelegación do Gobierno na Coruña

Respecto da medida prevista no artigo 117 que prevé o posible soterramento dos servizos urbanísticos aéreos (electricidade, alumeado público, telefonía, etc.) e desprazalos dás zonas máis sensibles (Rede Natura 2000), considera adecuado aclarar que serán as Administracións Públicas implicadas na elaboración e xestión do Plan as que sufraguen os correspondentes custos.

Servizo de Avaliación de Plans e Programas da Dirección Xeral de Avaliación e Cambio Climático

Analiza a sustentabilidade da proposta e a adecuación da documentación ao sinalado no documento de alcance do estudo ambiental estratéxico. Valora en xeral positivamente os cambios introducidos na proposta e incide nos aspectos a ter en conta para favorecer unha adecuada integración das variables ambientais: mellorar a integración na paisaxe

CVE: 200qnQqSmgn0
Verificación: https://sede.xunta.gal/cve

da pantalla vexetal prevista no sector occidental; revisar a selección de métodos e especies previstas na revexetación; completar a normativa cunha disposición destinada a evitar que posibles movementos faciliten o espallamento de especies exóticas invasoras; deseño dun modelo de restauración hidromorfolóxica no rego Porriños co obxecto de establecer unhas condicións naturalizadas e revisar a disposición das luminarias tendo en conta o seu impacto visual e a súa necesidade.

Servizo de Prevención e Control Integrados da Contaminación da Dirección Xeral de Avaliación e Cambio Climático

Informa que no ámbito do Plan non existe ningún solo declarado como contaminado e que non existe ningunha información inventariada no *Rexistro da calidade dos solos de Galicia* sobre afeccións á calidade dos solos no ámbito do citado proxecto.

Dirección Xeral de Ordenación do Territorio e Urbanismo

A ordenación proposta en cada unha das zonificacións que inciden na zona de servidume de protección e na zona de influencia resulta compatible co réxime de utilización establecido na Lei 22/1988, do 28 de xullo,de costas. En calquera caso, o plan especial establece as oportunas cautelas en orde a garantir o cumprimento da dita normativa, tanto no artigo 7.1.1 da normativa, como nos apartados 8.3 e 10.2 das memorias informativa e xustificativa, respectivamente. Así mesmo, entende que o contido do Plan é compatible cos criterios, principios e normas do POL.

Instituto de Estudos do Territorio

Considera que o estudo de impacto e integración paisaxística presentado é completo e suficiente para cumprir o que establece o artigo 35 do Regulamento da Lei 7/2008, de 7 de xullo, de protección da paisaxe de Galicia en relación aos contidos dos estudos da paisaxe nos instrumentos de ordenación territorial e urbanística.

A ordenación proposta resulta moi positiva, toda vez que ven a corrixir numerosos impactos existentes (campo de fútbol, edificacións abandonadas ou de escasa calidade, aparcadoiro de vehículos sobre a duna fósil, tránsito rodado no bordo litoral, recuperación de rego canalizado, restauración vexetal de espazos degradados, etc). Así mesmo, crea un espazo acondicionado como miradoiro no punto de observación recollido polo POL, e establece medidas para a integración paisaxística dos usos e actividades no bordo costeiro. Polo tanto, pode concluírse que os obxectivos do plan e a ordenación proposta incorporan a consideración da paisaxe de acordo ao recollido no artigo 34 do Regulamento da Lei 7/2008.

Así mesmo, as medidas preventivas e correctoras previstas resultan acordes coas directrices de paisaxe, en particular coas referentes ás unidades de paisaxe do tipo litoral referidas á intervencións en praias, á Senda dos Faros, á reforestación en dominio público marítimo terrestre e aos paseos marítimos. Tamén valora positivamente a normativa proposta.

Dirección Xeral do Patrimonio Cultural

Manifesta que nin o PXOM vixente nin o Plan Básico Autonómico identifican ningún ben do patrimonio cultural dentro do ámbito do PEID. Por outra banda, o documento identificado como 05. CAT recolle a prospección do ámbito realizada co obxecto de identificar a existencia de bens con valores merecedores de protección e incorporalos no

CVE: 200qnQqSmgn0
Verificación: https://sede.xunta.gal/cve

seu caso ao catálogo do Plan. O resultado desta prospección é que non se atopou ningún elemento que se puidera considerar merecedor de protección polo que non é precisa a redacción dun catálogo específico de bens a protexer para o Plan.

Mobilidade

Lembra que a entrada en servizo de novas liñas para mellorar as conexións, ou a reordenación das liñas de autobús interurbano de Galicia son competencia da Xunta de Galicia, en aras de mellorar a calidade e a competitividade do transporte público.

Augas de Galicia

A solución definida no proxecto de urbanización para o rego de Porriño deberá ir encamiñada á reposición do estado primitivo, recuperando a canle orixinal na medida do posible. Neste sentido, valorarase unha proposta que recolla no seu obxecto e actuacións a recuperación das condicións morfolóxica naturais do dominio público hidráulico e dos valores ambientais do espazo fluvial.

As novas áreas que se urbanicen incluirán sistemas de drenaxe sustentable que garantan que o eventual aumento de escorrenta respecto do valor correspondente á situación preexistente pode ser compensado ou é irrelevante. Asemade, nas novas urbanizacións reducirase ao mínimo posible a selaxe do solo mediante a utilización de pavimentos filtrantes e a interposición de espazos verdes ou sen pavimentar.

Tras consultar os datos dos aproveitamentos inscritos no *Libro de Rexistro de Augas de Galicia*, considera que o caudal total concedido cobre o abastecemento de poboación para a poboación actual máis a demanda estimada para o novo desenvolvemento. No entanto, nos proxectos de urbanización correspondentes estableceranse todas as determinacións e condicións de cálculo en canto ao abastecemento e saneamento de auga. Recomenda seguir para o deseño das redes as Instrucións técnicas para obras hidráulicas de Galicia publicadas na súa web.

Dirección Xeral de Planificación e Ordenación Forestal

Lembra que o espazo deberá cumprir as prescricións da Lei 7/2012, de montes de Galicia relarivas ás distancias das plantacións forestais, que haberán de ser de 50 m con edificacións situadas a menos de 400 m do monte ou fóra de solo urbano ou núcleo rural (15 m cando se empreguen as especies de frondosas do Anexo I da lei).

5. Proposta final de plan

Como resultado do proceso de información pública e consultas, no proxecto de planeamento realizáronse algunhas correccións documentais e axustes na cartografía e ordenación que afectan principalmente a viarios e dúas edificacións localizadas a carón da área de rexeneración ambiental.

Con respecto ao viario, clasificouse como solo rústico a zona posterior de parcelas edificadas na estradas de Razo da Costa -que no documento anterior destinábase a estacionamento estacional-, cambiouse o trazado do viario que comunica o miradoiro e modificouse o ancho das sendas peonís, establecendo unha urbanización a executar polos propietarios interesados en consideralas como acceso rodado.

Con respecto ás edificacións, considerouse viable tratar a escola de surf como equipamento privado, con condicións de integración paisaxística, e manter como

CVE: 200qnQqSmgn0
Verificación: https://sede.xunta.gal/cve

equipamento privado para servizos de tempada a vivenda existente que inicialmente estaba previsto demoler, reaxustando neste ámbito o paseo e a área de recuperación de espazos públicos.

Así, a ordenación final do ámbito proposta no PEPID configúrase do seguinte xeito:



Zonificación proposta (extracto do plano de ordenación PPDEAE_PORD_01USOS)

CVE: 200qnQqSmgn0
Verificación: https://sede.xunta.gal/cve

- Área de rexeneración ambiental: Incorpora os terreos situados no extremo oriental do ámbito, así como o bordo litoral que, na súa meirande parte, están incluídos na Rede Natura 2000, na zona de protección costeira e corredores do POL. Nesta zona diferéncianse tres ámbitos de intervención:
  - *Área 1: Dunas e cantís*. Terreos situados no extremo máis oriental do ámbito e coa zona de cantís da praia de Razo nos que se prevé eliminar o estacionamento e tránsito de vehículos, acoutar as zonas de tránsito de persoas, así como eliminar as especies exóticas invasoras e revexetar con especies autóctonas.
  - *Área 2: Renaturalización*. Zona de aparcamento situado xunto ao acceso á praia e tres parcelas edificadas situadas na desembocadura do rego de Pardiñas nas que se pretende eliminar as construcións e renaturalizar o medio (descompactar o terreo e revexetalo na medida do posible).
  - *Área 3: Mantemento*. Terreos que configuran a chaira de inundación xerada polos regos da Bacia e Pardiñas e os terreos bordeados de viarios. Nesta zona manterase a titularidade dos terreos, tratando de manter os usos rústicos existentes en concordancia co disposto na normativa sectorial. Así mesmo, unicamente estará permitido o uso peonil do camiño de acceso ao campo de fútbol existente.
- Paseo e área de recuperación dos espazos públicos: Crearase un paseo lonxitudinal destinado a uso peonil e circulación de bicicletas, permitindo de xeito puntual o aceso restrinxido a residentes, emerxencias e carga e descarga nos negocios. Abrangue a primeira liña da fronte litoral actualmente ocupada por viarios e aparcamentos na que se prevé eliminar o tránsito e estacionamento de vehículos motorizados. Proponse un aparcamento de bicicletas ao leste que enlazará cun futuro carril-bici que irá ata a vila de Carballo. Ademais, prevese a recuperación de novos espazos verdes que servirán de colchón cara as áreas de rexeneración de maior valor ambiental cun réxime similar ao resto de zonas verdes previstas, permitindo o uso de pasarelas de madeira para regular os accesos á praia.
- Zonas verdes: Estableceranse tres zonas situadas na zona occidental do ámbito. Unha próxima á franxa litoral estará vinculada a espazos de lecer. Outra estará ligada á vía peonil que comunicará os aparcadoiros e a zona litoral na contorna do rego Porriños, cuxa canle se pretende recuperar. O proxecto de urbanización previsto conterá un estudo hídrico que analice a viabilidade de afloramento total ou parcial deste rego, ou a canalización das augas de escorrenta, así como o deseño dun modelo de restauración hidromorfolóxica da canle co obxecto de establecer unhas condicións o máis naturalizadas que sexa posible.

  Por último, outra zona verde acompaña ao viario V9, no que se prevé a execución dun miradoiro previsto no POL. Esta zona verde deberá posibilitar o acceso rodado puntual a algunha das parcelas ás que dá fronte o dito viario.
- Equipamentos: Ao oeste do núcleo de Arnados propóñense dúas zonas para novos equipamentos, un de uso deportivo como alternativa ao campo de fútbol existente e outro vinculado á praia no que os usos construtivos situaríanse fóra

CVE: 200qnQqSmgn0
Verificación: https://sede.xunta.gal/cve

da servidume de protección do dominio público marítimo-terrestre. Por outra banda, na zona leste do ámbito do plan existen tres construcións que se destinan a equipamentos con usos vinculados ao litoral; serán de carácter privado e prevense medidas para a súa integración paisaxística na contorna.

- Viario: O viario rodado inclúe o aceso actual á praia a continuación da estrada DP-1902 pero o seu trazado córtase no núcleo de Arnados, limitando o aceso de vehículos máis aló da zona edificada. Un novo viario con dous carrís e beirarrúas bordeará as zonas de aparcamento (P1) e outro enlazará coa zona alta de Razo da Costa, destinado a tráfico rodado e separado do tránsito peonil por unha zona verde intermedia. Ademais, outro viario enlazará co miradoiro previsto e acondicionaranse outros viarios existentes. Tamén se establecerán vías peonís de tráfico restrinxido e sendas peonís, de uso exclusivo peonil.
- Aparcamentos: Prevense dúas novas zonas de aparcadoiro situadas no suroeste do ámbito con capacidade para 468 prazas, para uso da praia e dos equipamentos lindeiros, nas que se implantará arborado e adoptarán técnicas de drenaxe sustentable.
- Solo rústico: Constitúe o 30% da superficie do ámbito no que se permitirán os usos establecidos pola normativa sectorial, incluíndo determinacións específicas para favorecer a protección da paisaxe. Ademais, defínense dúas zonas nas que se prevé un acondicionamento puntual mínimo nas épocas estivais para o estacionamento de vehículos incrementando a oferta de estacionamento ata 387 prazas máis.

6. Informe do órgano sectorial competente en materia de patrimonio natural

No expediente remitido polo Concello a este órgano ambiental para a formulación da declaración ambiental estratéxica non consta informe da Dirección Xeral de Patrimonio Natural. Segundo certifica o secretario xeral do Concello de Carballo, o dito informe foi requirido o 14.01.2021 sen obter resposta a día de hoxe polo que, ao abeiro do disposto artigo 75.1 letra b) da LSG, enténdese emitido con carácter favorable.

Non obstante, este órgano ambiental, facendo uso da potestade que lle outorga o artigo 24.5 da Lei 21/2013, do 9 de decembro, de avaliación ambiental, requiriu novamente informe á Dirección Xeral de Patrimonio Natural.

O 22.06.2022 recibiuse o informe da Dirección Xeral de Patrimonio Natural, no que conclúe que *non é previsible que o proxecto xere efectos significativos, sendo compatible coa preservación do patrimonio natural e a biodiversidade, sempre e cando se garanta o cumprimento das medidas contempladas na documentación achegada e se teñan en conta, nos proxectos de desenvolvemento, que a parte máis occidental da costa presenta intensos fenómenos erosivos que forman parte da dinámica natural dos hábitats alí presentes.*

CVE: 200qnQqSmgn0
Verificación: https://sede.xunta.gal/cve

7. Análise da integración dos aspectos ambientais na proposta final

A avaliación ambiental estratéxica ten por obxecto conseguir unha boa integración dos aspectos ambientais no contido dos plans. Tendo en conta as consideracións feitas no documento de alcance e os resultados do proceso de información pública e consultas, a continuación analízanse como se integraron os aspectos ambientais no plan especial.

Ocupación do solo

A ordenación formulada na proposta final de plan incrementa a superficie que inicialmente se prevía devolver ao seu estado natural no borde costeiro, limitando a ocupación do solo só ás zonas con maior capacidade de acollida como é o suroeste do ámbito. As actuacións en solo rústico de protección de costas, incluída a adecuación de espazos para uso e desfrute público, procuran o mantemento da máxima naturalidade e, en certos casos, a restauración das súas condicións naturais.

Paisaxe

A documentación incorporou o estudo de impacto e integración paisaxística (EIIP) que se solicitou no documento de alcance. O dito estudo analiza con detalle a paisaxe, os impactos paisaxísticos e as medidas concretas de restauración propostas.

A normativa restrinxe o uso de firmes asfaltados na fronte litoral, establece o uso de firmes con materiais filtrantes nas novas zonas de aparcamento permanente e mantén o solo en estado natural nos aparcamentos estacionais.

A memoria xustificativa indica que se tiveron en conta as indicacións da *Guía de boas prácticas de intervención en sistemas praia-duna* publicadas pola Xunta de Galicia, que recollen o caso praia de Razo como exemplo.

Segundo a proposta, a pantalla vexetal prevista no sector occidental buscará a complexidade tanto na selección de especies como na súa localización, incorporando algunha masa arbustiva ou arbórea que lle confira unha maior naturalidade. Así mesmo, nas condicións particulares para zona de aparcadoiros engadiuse que se evitarán as plantacións monoespecíficas e, na medida do posible, aplicar un marco de plantación regular.

Finalmente decidiuse manter na ordenación unha edificación existente no extremo leste da zona de tras praia, cualificándoa como equipamento privado (na actualidade ten un uso residencial). En todo caso, por estar esta edificación situada na zona de servidume de protección de costas deberase atender ás limitacións aos usos nesta zona que establece a lexislación vixente en materia de costas.

Patrimonio natural

A documentación sometida a información pública incorporou un documento no que se analizan especificamente as posibles afeccións das actuacións propostas sobre os obxectivos de conservación que o *Plan director da Rede Natura 2000* establece para os espazos de Rede Natura 2000 ZEC e ZEPA Costa da Morte.

A alternativa seleccionada finalmente favorecerá a rexeneración natural da zona leste do ámbito con presenza de hábitats de dunas (2130*e 2150*) e de *Omphalodes littoralis* Lemh. subsp. *gallaecicae* e outras especies de flora protexida de areais costeiros, ao

CVE: 200qnQqSmgn0
Verificación: https://sede.xunta.gal/cve

eliminar da proposta inicial o observatorio ornitolóxico e reducir os accesos ao areal, de xeito que se producirá unha menor presión por uso público da zona. Ademais, propón eliminar as construcións existentes a carón do rego Pardiñas antes da súa desembocadura, o que permitirá recuperar a conectividade ecolóxica entre a zona húmida asociada ao dito rego e o areal.

A normativa incorpora disposicións destinadas e evitar o uso de especies exóticas nas zonas verdes públicas. Ademais, a proposta prevé eliminar a vexetación exótica invasora nos espazos públicos e nas zonas de rexeneración ambiental (A1 e A2) segundo os procedementos establecidos nos documentos técnicos publicados pola Xunta de Galicia[6]. Con esta finalidade, o estudo ambiental estratéxico incorpora información sobre a localización das especies exóticas invasoras presentes no ámbito. Tamén propón recuperar as condicións edáficas, no caso de estaren afectadas por estas especies.

Malia valorarse positivamente a proposta, sementes e outros propágulos destas especies permanecen viables no solo durante anos e poden reincorporarse dende parcelas lindeiras, polo que esta actuación só será efectiva no caso de que se manteña o control a longo prazo e se corten as vías de entrada. Por elo é importante que esta medida teña continuidade nos servizos municipais de mantemento de zonas verdes, procurar a colaboración dos propietarios dos terreos e coordinala coas tarefas previstas nesa dirección pola Dirección Xeral de Patrimonio Natural.

A proposta final do plan contempla que nas zonas de rexeneración ambiental só se proceda a introducir material vexetal (plantas, escallos, sementes) en caso de ser necesario e elixindo aquelas propias dos hábitats circundantes. Nestas áreas máis naturais é preferible cando sexa posible favorecer a colonización natural polas especies autóctonas e recorrer tan só á plantacións cando esta se amose moi lenta ou estea ameazada pola intromisión de especies invasoras. En todo caso, todo o xermoplasma utilizado na revexetación destas zonas deberá proceder do ámbito da Costa da Morte.

No resto do ámbito as especies seleccionadas para revexetar as medianas, beiravías, rotondas, áreas de descanso, etc., son autóctonas e están adaptadas ás condicións locais.

Riscos

O plan especial analiza os posibles riscos naturais e antrópicos aos que se atopa exposto o ámbito, de cara evitar a súa ocupación ou limitar os posibles usos que podan afectar a persoas ou bens. Ademais recolle que no borde costeiro o MITECO está tramitando o proxecto "Protección do bordo litoral da praia de Razo", para protexer os cantís da erosión. Considera que este proxecto xa está a conter o estudo máis pormenorizado da evolución do proceso erosivo dos cantís e dos posibles riscos de desprendemento, asumindo as solucións aportadas.

Os terreos afectados pola zona de fluxo preferente e zona inundable do rego de Oza están incluídos na área de rexeneración ambiental, na que se prevé o mantemento de usos tradicionais compatibles co previsto para estas zonas no regulamento da lei de augas.

6 *Guía das plantas invasoras de Galicia, bioloxía, distribución e métodos de control* e *Plan estratéxico galego de xestión das especies exóticas invasoras e para o desenvolvemento dun sistema estandarizado de análise de riscos para as especies exóticas en Galicia.*

CVE: 200qnQqSmgn0
Verificación: https://sede.xunta.gal/cve

Ciclo hídrico

Os planos de ordenación incorporan as liñas delimitadoras da zona de servidume e policía que figuran na web de augas de Galicia.

O plan analiza a dispoñibilidade de recursos hídricos e a capacidade dos servizos existentes, indicando que o Concello de Carballo ten moi avanzados os trámites para a execución dunha nova rede municipal de abastecemento para dar servizo a este entorno e que ten a súa orixe nunha captación existente no río Anllóns. O consumo previsto no plan será de 110,60 l/s, que entra dentro da capacidade da concesión actual (170 l/s).

Con respecto ao saneamento, a rede proxectada conectarase mediante dous bombeos á EDAR da parroquia, situada na marxe esquerda do rego de Pardiñas, calculados para o crecemento demográfico admitido no PXOM.

A normativa establece que o proxecto de urbanización deberá establecer as determinacións e condicións de cálculo en canto ao abastecemento de auga e rede de sumidoiros. Ademais, recomenda seguir no seu deseño as *Instrucións tecnicas para obras hidráulicas de Galicia*.

O plan establece unha serie de medidas para a xestión eficiente dos recursos hidrícos, como o uso de pavimentos permeables, técnicas de drenaxe urbano sostible, facilitando un retorno adecuado das augas de choiva ao ciclo hídrico.

Para o rego Porriños, a normativa engadiu a necesidade de deseñar no proxecto de urbanización un modelo de restauración hidromorfolóxica da canle co obxecto de establecer unhas condicións o máis naturalizadas que sexa posible, encamiñada na medida do posible á reposición do estado primitivo da canle orixinal e dos valores ambientais do espazo fluvial.

Patrimonio cultural

Realizouse unha prospección a fin de establecer a necesidade de elaborar un catálogo para protexer elementos merecedores de protección patrimonial. O resultado desta prospección foi que non se atopan no ámbito nin no seu entorno inmediato elementos a catalogar.

Mobilidade

O plan fomenta o transporte colectivo e non motorizado, deseñando infraestruturas e medidas con esta finalidade. Contempla un aparcadoiro de bicicletas no leste e un carril-bici que percorrerá o ámbito lonxitudinalmente e enlazará cun sendeiro ciclo-turístico previsto entre as poboacións de Carballo e Razo, cuxo proxecto xa foi encargado polo Concello.

Atmosfera e enerxía

O plan establece medidas para o aforro enerxético e para reducir a contaminación luminosa. Propón restrinxir a iluminación nas zonas máis sensibles ambientalmente, limitandoa aos viais, accesos e espazos que por seguridade cidadá sexa necesario. No entanto, convén estudar con máis detalle a disposición das luminarias propostas (plano de ordenación 5_5) tendo en conta eses criterios e a súa necesidade.

CVE: 200qnQqSmgn0
Verificación: https://sede.xunta.gal/cve

Cambio climático

Incorporouse unha análise da pegada de carbono derivada da planificación proposta e unha xustificación das medidas previstas no plan para reducir a súa incidencia. O dito estudo estima que o plan aumentará as emisións na fase de urbanización e uso en 690,367 t CO2/ano, o que se trata dunha pegada reducida dentro do contexto actual.

Ciclo de materiais

A normativa do plan recolle medidas para reducir a impermeabilización do solo, promover o emprego de materiais locais, reciclados ou reciclables, limitar os movementos de terras, etc. Ademais, recolle as consideracións do POL e establece medidas concretas para que a xestión de residuos non afecte aos espazos naturais.

PROPOSTA

Tendo en conta o exposto nos apartados anteriores, conclúese que o "Plan especial de protección, infraestruturas e dotacións en Razo-Arnados" pode considerarse ambientalmente viable.

Santiago de Compostela, na data da sinatura dixital

María Carmen Paz Cornes
Xefa do Servizo de Avaliación Ambiental de Plans e Programas

CVE: 200qnQqSmgn0
Verificación: https://sede.xunta.gal/cve

RESOLUCIÓN:

De conformidade coa proposta anterior, resolvo considerar ambientalmente viable o "Plan especial de protección, infraestruturas e dotacións en Razo-Arnados", no concello de Carballo.

Esta resolución farase pública tanto no *Diario Oficial de Galici*a como no portal web da Consellería de Medio Ambiente Territorio e Vivenda (https://cmatv.xunta.gal/) e remitirase ao Concello de Carballo xunto co informe da Dirección Xeral de Patrimonio Natural.

O acordo de aprobación definitiva do plan deberá publicarse no *Diario Oficial de Galicia*. Xunto con este acordo publicarase a indicación das medidas adoptadas para o seguimento dos efectos no ambiente da aplicación do plan, a referencia ao enderezo electrónico en que figurará o contido íntegro do plan á disposición do público, así como un extracto -elaborado con carácter previo á aprobación do documento- que inclúa os seguintes aspectos (artigo 199.2 do RLSG; artigo 82.2. da LSG):

a) A xustificación da integración no plan dos aspectos ambientais;
b) A xustificación de como se tomaron en consideración no plan o estudo ambiental estratéxico, os resultados da información pública e consultas e a declaración ambiental estratéxica, así como, se é o caso, as discrepancias xurdidas no proceso;
c) As razóns da elección da alternativa seleccionada, en relación coas alternativas consideradas.

Segundo o disposto no artigo 35.1.d da Lei 9/2021, do 25 de febreiro, de simplificación administrativa e de apoio á reactivación económica de Galicia, esta declaración ambiental estratéxica perderá a súa vixencia e cesará na produción dos efectos se non se aproba o plan especial no prazo máximo de catro anos desde a súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*, agás que se acorde unha prórroga por dous anos adicionais.

Contra a declaración ambiental estratéxica non procederá recurso algún, sen prexuízo dos que procedan en vía xudicial contra o acto de aprobación definitiva do instrumento de planeamento, nos termos previstos na lexislación aplicable (artigo 25.4 da Lei 21/2013, do 9 de decembro, de avaliación ambiental, en relación co artigo 84.1 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia).

Santiago de Compostela, na data da sinatura dixital

María Sagrario Pérez Castellanos
Directora xeral de Calidade Ambiental, Sostibilidade e Cambio Climático

Asinado por: PEREZ CASTELLANOS, SAGRARIO
Cargo: Directora Xeral
Data e hora: 05/07/2022 13:48:21

Asinado por: PAZ CORNES, MARIA DEL CARMEN
Cargo: Xefa do Servizo de Avaliación Ambiental de Plans
Data e hora: 23/06/2022 08:54:19

CVE: 200qnQqSmgn0
Verificación: https://sede.xunta.gal/cve